

## CPR. PLURILINGÜE LANDRO.

### ADAPTACIÓN PROGRAMCIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020.

#### 1º CURSO DE PRIMARIA.

##### INDÍCE.

- 1: CIENCIAS NATURAIS.
- 2: CIENCIAS SOCIAIS.
- 3: LINGUA CASTELÁ.
- 4: MATEMÁTICAS.
- 5: LINGUA GALEGA.
- 6: EDUCACIÓN PLÁSTICA.
- 7: MÚSICA.
- 8: LINGUA INGLESA.
- 9: EDUCACIÓN FÍSICA.
- 10: VALORES SOCIAIS.
- 11: RELIXIÓN.
- 12: PARTE COMÚN A TÓDALAS MATERIAS.
- 12.1: AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.
- 12.2: METODOLOXÍA E ACTIVIDADES.
- 12.3: INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

#### 1 - CIENCIAS NATURAIS.

##### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

##### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.</li><li>➤ Recoñece partes do propio corpo.</li></ul>
Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de hábitos como:	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Relaciona a vida saúdale cunha alimentación adecuada.</li></ul>

hixiene persoal, alimentación, exercicio físico.	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Relaciona o exercicio físico, hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa saúde.</li> </ul>
Identificar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Identifica animais e plantas do seu contorno.</li> <li>➤ Coñece as principais partes da planta.</li> <li>➤ Diferencia entre animais salvaxes e domésticos.</li> </ul>
Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica.	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Reduce, reutiliza e recicla obxectos.</li> <li>➤ Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga.</li> </ul>
Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares.	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.</li> </ul>

## **2- CIENCIAS SOCIAIS.**

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Identificar os elementos principais da contorna.	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Describe os elementos básicos da súa contorna.</li> <li>➤ Recoñecer e valorar a importancia da auga e o aire teñen na vida.</li> </ul>
Identificar elementos que aparecen no ceo e coñecer a importancia do Sol.	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Nomea os elementos presentes no ceo e coñece a importancia que o Sol ten para a vida.</li> </ul>
Diferencias entre os elementos naturais e os artificiais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Diferencia entre elemento da paisaxe natural e artificial.</li> <li>➤ Identifica alguna medida para a conservación da natureza.</li> </ul>
Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar.	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Identifica as relacións de parentesco e discrimina os roles familiares.</li> </ul>
Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Identifica as partes da casa e as representa nun esbozo.</li> <li>➤ Identifica diferentes tipos de vivendas.</li> </ul>
Ser consciente do paso do tempo e as súas unidades de medida.	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Sabe os días da semana, os meses do ano e diferencia as estacións.</li> </ul>

### **3- LINGUA CASTELÁ.**

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

#### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Expresarse e comunicarse de forma oral e con certa coherencia.	➤ Participa en: diálogos, exposición orais moi guiadas.
Comprender o sentido global dun texto oral.	➤ Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual.
Expresarse de forma oral en diferentes situación con vocabulario axeitado.	➤ Describe de forma sinxela, persoas, animais e obxectos.
Usar unha linguaxe non discriminatoria e respetuosa.	➤ Usa unha linguaxe non discriminatoria e respetuosa.
Escoitar e preguntar.	➤ Pide axuda para a realización de tarefas.
Ler en voz alta diferentes textos breves e sinxelos.	➤ Le con pronunciación e entonación axeitada textos moi sinxelos.
Producir con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato e intencionalidade comunicativa.	➤ Escribe con axuda: listas, notas, normas, felicitacións, contos ...
Aplicar os coñecementos gramáticos básicos.	➤ Identifica sílabas e fonemas. ➤ Recoñece o alfabeto. ➤ Distingue o xénero e o número. ➤ Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos. ➤ Utiliza diminutivos e aumentativos.
Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita,	➤ Forma e orde correctamente oración simples.
Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos.	➤ Identifica sinxelos textos : contos, poesías, adiviñas, cómics.

### **4-MATEMÁTICAS.**

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

#### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Desenvolver e cultivar as actitudes polo traballo matemático ben feito.	➤ Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordeado no caderno.
Ler, escribir e ordenar números enteiros.	➤ Le, escribe e ordena números ata o 99. ➤ Identifica o valor de posición das cifras.
Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor.	➤ Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99.
Realizar operación e cálculos numéricos.	➤ Realiza cálculos numéricos básicos coa suma. ➤ Realiza cálculos numéricos básicos coa resta.

Coñecer as figuras planas básicas.	➤ Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares.
Interpretar representación espaciais sinxelas.	➤ Diante-detrás, arriba-abaxo, preto-lonxe, esquerda-dereita.
Iniciase no coñecemento do valor e as equivalencias entre diferentes moedas e billetes.	➤ Coñece a función e o valor das moedas.
Comparar e identificar cal é o recipiente de maior capacidade.	➤ Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade.

## **5-LINGUA GALEGA**

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Comprender a información xeral de textos orais moi sinxelos.	➤ Comprende a información xeral de textos orais sinxelos da radio ou da televisión.
Manten unha actitude adecuada de escoita, ante situación comunicativas cotiás.	➤ Respecta as opinión da persoa que fala.
Usar formas sinxelas de tratamento.	➤ Usa formulas sinxelas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer e solicita axuda.
Interpretar e comprender a información procedente de ilustracións.	➤ Interpreta e comprende a información de ilustracións.
Ler de forma guiada textos sinxelos.	➤ Le textos sinxelos en voz alta.
Producir e reescribir textos sinxelos.	➤ Produce e reescribe textos sinxelos: invitacións, felicitacións, notas...
Utilizar terminoloxía lingüística gramatical moi básica.	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Recoñece palabras e sílabas.</li> <li>➤ Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.</li> <li>➤ Identifica os nomes propios.</li> <li>➤ Sinala o xénero e o número.</li> </ul>
Interesase pola presentación de traballos escritos.	➤ Interésase pola presentación dos textos con limpeza.

## **6- EDUCACIÓN PLÁSTICA.**

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

Valorar a limpeza, os materiais e a orden a realización dunha tarefa.	➤ Valora a limpeza , a orde e o coidado do material.
Describir calidades e características dos materiais, dos obxectos.	➤ Debuxa as formas básicas. ➤ Identifica os tamaños. ➤ Identificas e usa as cores aprendidas. ➤ Recoñece as figuras xeométricas básicas. ➤ Recoñece as partes da figura humana.
Realizar composición plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo me social.	➤ Produce e identifica obras sinxelas usando formas xeométricas básicas.
Respectar e coidar os materiais, os utensilios e os espazos.	➤ Respecta as normas e coida os materiais.

## **7-MÚSICA.**

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Explorar e escoitar calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos do contexto natural.	➤ Recoñece e discrimina os sons do seu contexto. ➤ Identifica voces masculinas e femininas.
Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.	➤ Respecta os tempos de silencio para p bo estudo dos sons e a escoita das audicións.

## **8-LINGUA INGLESA.**

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Comprender preguntas e información realtivas a información persoal moi básica.	➤ Comprende vocabulario moi elemental sobre temas familiares.
Utilizar as estratexias básicas de hipótese para a comprensión do sentido xeral do texto.	➤ Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual.
Obter e dar información básica persoal, sobre a súa contorna máis próxima.	➤ Aмосa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.
Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entonación básicos.	➤ Aмосa unha actitude de escoita atenta.

Expresa nocións moi básicas relativas a tamaño, cantidade, posesión, número, calidades físicas, forma e cor.	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Expresa e identifica os diferentes tamaños, cantidades, números e cores.</li> <li>➤ Diferencia saúdos de despedida e o uso de fórmulas de cortesía.</li> </ul>
--	---

## **9-EDUCACIÓN FÍSICA.**

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.	➤ Coñece o coidado do medio ao efectuar alguna actividade fóra do centro.
Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e a os outros/as nas actividades físicas e nos xogos.	➤ Acepta formar parte do grupo que lle corresponde.
Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.	➤ Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.

## **10- VALORES SOCIAIS.**

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

Desenvolver actitudes para actuar con motivación e responsabilidade.	realiza as tarefas segundo as pautas acordadas.
Expresar opinión, emocións e estados de ánimo.	Expresa verbalmente afectos e emocións con amabilidade.
Autorregula as condutas e control dos impulsos.	Interpreta o contorno e desenvólvese nel con autonomía.
Participar en actividades grupais online.	Mantén boa relación cos compañeiros/as.

## **11- RELIXIÓN.**

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Saber que os pais/nais nos queren e nos perdoan.	Coñece que os pais os queren e os perdoan cando fan alguna cousa mal.
Valorar a importancia da amistad.	Ve a amistad como algo importante.
Descubrir a importancia da paz no mundo.	Coñece algún símbolo da paz.
Valorar a importancia da familia.	Valora a importancia da súa familia.

## **12.-PUNTOS COMÚNS A TÓDALAS MATERIAS.**

### **12.1 -AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**

#### **AVALIACIÓN.**

##### **PROCEDEMENTOS:**

O alumnado enviará semanalmente algunha actividade das propostas polo profesorado de maneira que semanalmente o/a profesora/a teña coñecemento obxectivo do desempeño de cada una das materias traballadas. O profesor/a enviará a valoración dese desempeño individualmente.

##### **INSTRUMENTOS:**

Valoración do traballo realizado, interés no desenvolvemento de actividades e actitude mostrada na realización das actividades individuais e grupais. Todo isto tendo en conta as dificultades de carácter tecnolóxico, social e persoal de cada alumno e alumna.

##### **CUALIFICACIÓN FINAL**

A cualificación final obterase da media do 1º e 2º trimestre deste curso. Esta media poderase ver incrementada entre 1 e 2 puntos segundo a diagnose do traballo do 3º trimestre. En calquera caso a cualificación final nunca será inferior á media dita anteriormente.

#### **ALUMNADO DE MATERIA PENDENTE.**

##### **CRITERIOS DE AVALIACION :**

Recóllense os mínimos esixibles programados para este curso en cada una das áreas pendentes.

##### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

Añadirase á media do 1º e 2º trimestre un máximo de 2 puntos segundo a diagnose do traballo de recuperación proposto para este 3º trimestre.

##### **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:**

O alumnado con materias pendentes enviará o traballo diariamente da área ou áreas pendentes para a súa valoración obxectiva.

Valorarase positivamente a actitude, interés e desenvolvemento das tarefas, tendo en conta as dificultades persoais, sociais e tecnolóxicas do alumno/alumna en cuestión.

## **12.2- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES**

### **ACTIVIDADES**

Envío diario de actividades das diferentes áreas mantendo o horario, no posible, do curso presencial.

As actividades adaptaranse ao alumnado, dependendo das súas capacidades e situación. Haberá polo tanto actividades de reforzo pero tamén de ampliación para aquel alumnado que demostra ter avanzado nun tema determinado.

En xeral, as actividades serán de reforzo do aprendido nas clases presenciais e só se ampliarán conceptos que requiran pouca participación do profesorado neste momento.

### **METODOLOXÍA**

Explicación mediante audios, vídeos e chamadas telefónicas dos conceptos a traballar e reforzar. Entregaránse mapas conceptuais para facilitar este proceso de aprendizaxe.

Unha vez realizada a explicación entreganse diferentes actividades para a práctica deses conceptos. Ao día seguinte envíanse as correccións explicadas de cada una das actividades propostas.

Todo o alumnado está conectado ao grupo de whatsApp polo que reciben explicación e información do desempeño da materia.

A forma de entrega das actividades varía entre os que recollen os documentos escaneados vía WhatsApp, por correo electrónico e mesmo un deles reciben a impresión das actividades no domicilio por medio do servizo habilitado polo Concello.

O alumnado con materias pendentes ou os necesitados de apoio/reforzo educativo reciben as actividades e propostas de tarefas adaptadas a esas necesidades, polo tanto diferentes as recibidas polo grupo/clase.

### **MATERIAIS E RECURSOS**

- Móviles , ordenadores, Tablet e impresora.
- Grupo de WhatsApp de información diaria.
- WhatsApp persoal do profesor/a titor/a
- Internet e correos electrónicos.
- Facebook do centro para envío de tarefas grupais.
- Libros de texto de todas as asignaturas.
- Documentos de exercicios creados polo Mestre/mestra.
- Guía enviada polo Mestre/mestra de materiais didácticos na rede.

## **12.3- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

Publicarase na páxina web do centro estas adaptacións das programacións para este 3º trimestre.



Cada profesor/profesora titora explicará e informará destes cambios dunha maneira sinxela remitindo aos pais/nais/titores á páxina web do centro para información máis detallada.